



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Tojo Suárez
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. José Barreiro Somoza
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Jesús Alfaya Fernández
D. Alberto Alonso Costas
D.ª M.ª Luisa Alonso Escontrela
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Luis Bernal Conde
D.ª Milagros Cavada Nieto
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José M.ª Correa Otero
D. Xosé Luís Crespo Castro
D.ª Margarita Estévez Toranzo
D.ª Esperanza Fernández Gómez
D. Joel Fernández Soto
D. Manuel Xesús Fontán Bouzas
D. José Antonio Gómez Barbeito
D.ª Laura González Novoa
D.ª M.ª do Carmo Henriques Salido
D.ª Mónica Iglesias Rodríguez
D. Juan Janeiro Vilaboa
D.ª Betty Mireya León Fong
D. Manuel López Iglesias
D. José Mira Penedo
D- Guillermo de Oca Cancela
D. Angel Pereira Díaz
D. Manuel Pérez Donsión
D. Mariano P-Mnez. e P-Amor
D.ª Verónica Piñeiro Fernández
D.ª Ana Belén Reboredo Fernández
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Celso Rodríguez Fernández
D. Eduardo Rubiales Camino
D. José A. Sampayo Fernández
D.ª Susana Inés Soto Soto
D. Francisco Tugores Martorell
D. Fco. José Vázquez Núñez
D.ª Teresa Viñas Gil
D. Horacio A. Vilar Suárez (CIG)

**DESCULPA A SÚA
ASISTENCIA**

D. Cándido Pérez Betanzos

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o dezasete de outubro de mil novecentos noventa e seis, ás 10.00 horas, na Sala de Xuntas do Edificio Politécnico do Campus Universitario de Ourense.

O xoves, **día 17 de outubro de 1996**, ás 10.50 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, das Actas de sesións anteriores: 2 e 8 (continuación) de xullo, 29 de xullo, 16 de setembro e 27 de setembro de 1996.

2º.- Informe do Rector.

3º.- Asuntos de Profesorado: Proposta ó Claustro Universitario de eliminación da Comisión de Conflictos nos concursos de interinos e contratados; gratificación por servizos prestados; proposta de Comisión de Docencia do período vocacional das baixas por maternidade; prazas BOE; transformacións; profesor visitante.

4º.- Nomeamento como Doutor Honoris Causa de D. Victoriano Reinoso Reino.

5º.- Asuntos de Investigación: Normativa do Servidor www da Universidade. Normativa de encargo de proxectos a membros da Comunidade universitaria. Actualización da Comisión de Doutoramento; Modificación das Normas complementarias de execución dos Créditos descentralizados para o ano 1996.

6º.- Concesión de Premio extraordinario de Doutoramento, da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais, a D. Juan Saracho.

7º.- Aprobación, se procede, de expediente de conformación de gasto.

8º.- Regulamento de Réxime interno das Residencias universitarias.

9º.- Elección do Xurado de bolsas (5 titulares e dous suplentes) para o curso 96-97.

10º.- Adaptación do cadro de persoal ó Consello Social e da RTP do 95.

11º.- Aprobación, se procede, do nome dos Departamentos "Bioloxía Vexetal, Edafoloxía e Química Agrícola" e "Matemáticas e Didáctica da Matemática".

12º.- Ampliación de materias optativas e materias de libre elección.

13º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, e actúa como Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez explica a razón da celebración da Xunta de Goberno en Ourense, que, como xa se comprometera, terían lugar sesións da mesma en tódolos Campus. Agradece ó Director da E.U.E.T. Informática de Xestión, D. Enrique Barreiro Alonso, e ó Decano da Facultade de Ciencias, D. Francisco Tugores Martorell, a colaboración prestada para a realización desta Xunta de Goberno.

Sobre o **punto 1**, a profesora Henríquez Salido, no que se refire a Acta de 2 e 8.7.96, quere que conste que o profesor Chavete Rodríguez non participou na mesma.

O profesor Cid Fernández protesta pola convocatoria da Xunta de Goberno de 16.9.96 "xa que foi moi precipitada" e polo mesmo, abstense na aprobación desta Acta.

Apróbanse as Actas de 2 e 8.7.96, 297.96, 16.9.96 e 27.9.96 coas modificación que se recollen nas mesmas.

Pasase ó **punto 3**, Asuntos de Profesorado e sobre a saída de prazas a BOE, a profesora Cavada Nieto di que na praza D07-445, TIT-UN, Ourense, ocupada interinamente por Susana María Reboreda Morillo, existe un voto particular do Consello de Departamento cando se aprobou dita praza.

A profesora Henríquez Salido pide que conste en Acta a súa oposición a que existindo membros da área, numerarios, non se poñan no Tribunal.

Vótase esta praza co seguinte resultado:

-votos a favor:	20
-votos en contra:	1
-abstencións:	9

Apróbase a saída a BOE da praza D07, 445, TIT-UN, Ourense, Reboreda Morillo, Susana María.

Tamén apróbase a saída a BOE das outras prazas:

D03	573	TIT-UN	Vigo	Díaz Fouces, Oscar
D07	445	TIT-UN	Our.	Reboreda Morillo, Susana
D11	385	TIT-UN	Vigo	García Parada, Eduardo
D25	225	TIT-UN	Vigo	Simón Fernández, Xavier
D25	225	TIT-UN	Vigo	Castro Fernández, Ana Esther
D27	755	TIT-UN	Ourense	Flores Rodríguez, Jesús Ramón
D22	065	CAT-EU	Vigo	- - -
D22	065	TIT-EU	Vigo	Collazo Fernández, Antonio

Apróbanse as seguintes transformación de prazas:

D03	575	Gómez Guinovart, Javier	de PP1 a PP2
D05	785	Murillo Roldán, Antonio	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
D13	050	Pombal Diego, Manuel A.	de AXU-UN2 a TIT-UN(I)
D13	060	Gil Martín, Emilio	de PP2 a TIT-UN(I)
D13	630	Sieiro Vázquez, M ^a Carmen	de AXU-UN1 a AXU-UN2
D17	135	Gregores Villaverde, M ^a José	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
D17	170	Burgos Toimil, Manuel	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
D21	520	Poza González, José Antonio	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
D21	570	Usero Delgado, Antonio	de AXU-EU a PP1
D21	570	Gómez Lorente, Antonio	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
D27	755	Graña Rodríguez, Ana M ^a	de PP1 a PP2
D29	380	Rodríguez González, Jesús P.	de TIT-UN P6 a TIT-UN T

No referente ós profesores visitantes, a profesora Henríquez Salido protesta xa que o profesor Arnaiz Abejón non posúe un título universitario.

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor da contratación:	21 votos
-en contra:	1 voto
-abstencións:	11

Apróbase a contratación como profesores visitantes de:

D. Andrés Sanjuan López, D13- A420, coa retribución de TIT-UN, e
D. Doroteo Arnaiz Abejón, D-31-A185, coa retribución de TIT-EU.

No que se refire a "eliminación da Comisión de Conflictos nos concursos de interinos e contratados, D. Horacio A. Vilar Suárez di que a Xunta de Goberno non pode propor ó Claustro Universitario a reforma do Regulamento.

D. Manuel López Iglesias di que non se debería votar este punto.

Faise unha votación sobre este tema, co seguinte resultado:

-a favor de propolo:	25
-en contra:	4
-abstencións:	4

Acórdase que o Vicerrector de Profesorado tome a iniciativa da recollida de sinaturas para incluír como punto na orde do día do Claustro Universitario a "eliminación da Comisión de Conflictos nos concursos de interinos e contratados".

Sobre a gratificación por servizos prestados por D^a Susana Domínguez Quintas e D^a Aurora García González acéptase e acórdase facela efectiva, a razón de 7.570 ptas. brutas/hora, a D^a Susana Domínguez Quintas, dende o 10.5.96 ata o 6.6.96, e a D^a Aurora García González, dende o 10.5.96 ata o 21.7.96 respectivamente.

Apróbase que o período de baixa por maternidade se acumule ó período de vacacións, sempre que a baixa coincida co mesmo.

O Director da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais, profesor Pérez Donsión presenta o **punto 4**, indicando o curriculum vitae e os méritos que concorren en D. Victoriano Reinos Reino.

Prodúcese un debate e unha votación co seguinte resultado:

-votos a favor:	12
-votos en contra:	7
-abstencións:	11

Apróbase o nomeamento de Doutor Honoris Causa de D. Victoriano Reinos Reino (anexo I).

No **punto 5**, o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez presenta a Normativa do Servidor www da Universidade de Vigo.

Hai un debate no que se propoñen as seguintes modificacións:

- p.2- eliminación de "designado polo Vicerrector de Investigación"; acéptase.
- p.4- eliminación de "(investigación e docencia)"; acéptase.
 - eliminación de "etc."; acéptase.
- no apartado "Darse de alta", incorporar "Delegacións de alumnos"; acéptase.
- no apartado "Información a incluír", modificar "Incluírase información sobre o traballo ou o entorno do departamento..." polo de "Incluírase información sobre docencia, investigación e servicios..."; acéptase.
 - eliminación de "etc."; acéptase.

D. Horacio A. Vilar Suárez fai a proposta de retirar a prohibición de calquera aspecto á dependencia de Secretaría Xeral. No p.3, retirar-lo parágrafo "calquera outro órgano ou persoa que desexe introducir información , deberá ser autorizado a iso pola Xunta de Goberno da Universidade de Vigo". Retira-lo p. 5.

Faise a votación:

-a favor da proposta da Mesa coas modificacións:	28 votos
-a favor da proposta Sr. Vilar Suárez:	1 voto
-abstencións:	6

Acéptase a proposta da Mesa coas modificacións, aprobándose a Normativa do Servidor www da Universidade (anexo II).

A profesora Henríquez Salido di que se revise o texto en galego.

O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez presenta a Normativa de encargo de proxectos a membros da Comunidade universitaria; apróbase por asentimento (anexo III), retirando da Normativa os anexos.

Sobre a actualización da Comisión de Doutoramento, faise a seguinte proposta:

-No **ámbito de Ciencias**, substituír ó profesor D. José M^a Fernández Alvarez polo Prof. D.

Antonio Ibáñez Paniello.

-No **ámbito Tecnolóxico**, substituír ó profesor D. Luis Fernando Romaní Martínez polo Prof. D. Eduardo Rubiales Camino.

-No **ámbito de Humanidades**, substituír ó profesor D. Ramón Fábregas Valcarce polo Prof. D. Jesús González Maestro.

Apróbase a actualización da Comisión de Doutoramento que queda do seguinte xeito:

ÁMBITO DE CIENCIAS EXPERIMENTÁIS:

Prof. D. Salustiano Mato de la Iglesia

Prof. D. Antonio Ibáñez Paniello

ÁMBITO TECNOLÓXICO:

Prof^a Dona Alicia Cachafeiro López

Prof. D. Eduardo Rubiales Camino

ÁMBITO DE HUMANIDADES:

Prof. D. José Manuel Pérez García

Prof. D. Jesús González Maestro

ÁMBITO XURÍDICO-SOCIAL:

Prof. D. Manuel Martín Algarra

Prof. D. Manuel Varela Lafuente

O último punto dos asuntos de Investigación o presenta a Directora do CACTI, Modificación das Normas complementarias de execución dos Créditos descentralizados para o ano 1996.

Apróbase a modificación das Normas complementarias de execución dos Créditos descentralizados para o ano 1996:

-Na páxina 4/8, suprímese "Este crédito... a infraestrutura do Centro", e inclúese "Xerárase crédito por tódolos ingresos líquidos derivados da actividade do CACTI que se incorporará á partida 643 destinada a Centros de Investigacións" (anexo IV).

No **punto 6** da Orde do día, o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez propón a concesión de Premio extraordinario de Doutoramento.

Apróbase a concesión de Premio extraordinario de Doutoramento da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais a D. Juan Pon Serache.

No **punto 7**, o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco presenta este expediente.

Apróbase o expediente de conformación de gasto: Servicios Centrais, 1.078.886, e E.U. de Estudos Empresariais de Ourense, 402.092.

O **punto 8**, presenta o Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza, o Regulamento de Réxime interno das Residencias universitarias.

Hai un debate no que se propón a modificación de distintos artigos:

-art.5 -supresión da frase "e depositada na conta da Universidade"; faise a votación:

-a favor da supresión: 9 votos
 -a favor da permanencia: 9 votos
 -abstencións: 10

Apróbase a supresión polo voto do Sr. Rector.

-art.8 -petición de supresión deste artigo.; faise a votación:

-a favor da supresión: 9 votos
 -a favor da permanencia: 17 votos
 -abstencións: 6

Non se aproba a supresión deste artigo.

-art.12 -supresión deste artigo; faise a votación:

-a supresión deste artigo: 16 votos
 -a favor da permanencia: 8 votos
 -abstencións: 9

Suprímese o artigo 12.

Petición, por parte de D. Jesús Alfaya Fernández, de incluír unha transitoria "que o Regulamento non se poña en marcha ata que a Comisión de Estudiantado elabora una táboa de tipificación das faltas graves".

O profesor Reigosa Roger di que se engada unha adicional na que "a tipificación de faltas graves estea de acordo co Réxime disciplinario da Universidade de Vigo".

D. Jesús Alfaya Fernández retira a súa petición.

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor do Regulamento: 17 votos
 -a favor do Regulamento máis adicional: 13 votos
 -abstencións: 4

Apróbase o Regulamento de Réxime interno das Residencias universitarias (anexo V).

No **punto 9**, o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto informa da constitución do Xurado de Bolsas, polo que é precisa a elección de 5 membros titulares e 2 suplentes.

Fai a proposta dos seguintes:

Titulares: D^a M^a Flor Pérez Paz, D. Adriano López Pereira, D^a Carmen Benso Calvo, D. Manuel González Piñeiro e D^a Pilar Allegue Aguete.

Suplentes: D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal e D. Francisco Tugores Martorell.

Faise a votación co seguinte resultado:

-votos a favor: 20
 -votos en contra: 1
 -abstencións: 5

Apróbase o Xurado de Bolsas, -Titulares: D^a M^a Flor Pérez Paz, D. Adriano López Pereira, D^a Carmen Benso Calvo, D. Manuel González Piñeiro e D^a Pilar Allegue Aguete, e Suplentes:

D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal e D. Francisco Tugores Martorell.

Proponse que D^a Mónica Iglesias Rodríguez forme parte dos 3 membros que elixe o Presidente; acéptase.

No **punto 10**, Retírase a praza do Consello Social, por non estar negociada coa Xunta de Persoal Funcionario.

Apróbase, por asentimento, as prazas pendentes da RPT do 95:

-VICERRECTORADO DE ORDENACIÓN UNIVERSITARIA:

	Xefe de Negociado de Publicacións	1	C/D	18	C
--	-----------------------------------	---	-----	----	---

-SERVICIO DE PATRIMONIO E INVENTARIO

	Auxiliar Administrativo P.B.	1	D	14	C
--	------------------------------	---	---	----	---

-FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

	Auxiliar Administrativo P.B.	1	D	14	C
--	------------------------------	---	---	----	---

-BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

	Axud. Arquiv. Bibliot. e Museos Campus Vigo	1	B	20	C
--	---	---	---	----	---

Presenta o **punto 11** o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire, indicando que estaba pendente de anteriores Xuntas de Goberno para a constitución dos Departamentos de "Biología Vexetal, Edafoloxía e Química Agrícola" e de "Matemáticas e Didáctica da Matemática".

No que se refire ó nome do Dptos. de "Matemáticas e Didáctica da Matemática, a profesora Estévez Toranzo propón que o nome sexa "Matemáticas"; o Vicerrector de Ordenación Universitaria di que é un nome moi xenérico e que ó existir outros departamentos no ámbito das matemáticas é convinte engadir un adxectivo que identifique dito departamento polo que mantén a súa proposta.

Prodúcese unha votación co seguinte resultado:

-votos a favor do nome de "Matemáticas e Didáctica da Matemática":	11
-votos a favor do nome "Matemáticas":	6
-abstencións:	9

Apróbase o nome do departamento "Matemáticas e Didáctica da Matemática".

Presentan voto particular os profesores Tugores Martorell e Estévez Toranzo "en contra do acordado, polas seguintes razóns: 1) As áreas de coñecemento "Álgebra, "Análise Matemática", "Didáctica da Matemática" e "Xeometría e Topoloxía" manifestaron por unanimidade a súa vontade de constituírse nun único Departamento que sería chamado "Departamento de Matemáticas". 2) Nunha anterior sesión de Xunta de Goberno, o Vicerrector de Ordenación Universitaria sinalou que ese nome proposto non era válido en aplicación do art. 1.3 do Real Decreto 1496/87. 3) Solicitado informe ó respecto, o Asesor xurídico da Universidade precisou que tal art. 1.3 do R.D. 1496/87 non trata para nada da materia de departamento e refírese en exclusiva á denominación dos títulos académicos. 4) Nembargantes, tratado de novo o tema na

xuntanza da Xunta de Goberno de hoxe, e xa fóra de calquera argumento de tipo xurídico, o Vicerrector de Ordenación Universitaria continuou defendendo (na nosa opinión sen motivos académicos) a imposibilidade de que o Departamento se chame "de Matemáticas", producíndose a votación reflectida na acta da sesión".

Sobre o nome do Departamento de "Bioloxía Vexetal, Edafoloxía e Química Agrícola", o profesor Reigosa Roger propón o nome de "Recursos Vexetais e Ciencias do Solo".

Prodúcese una votación co seguinte resultado:

-votos a favor do nome de "Bioloxía Vexetal, Edafoloxía e Química Agrícola":	13
-votos a favor do nome de "Recursos vexetais e Ciencias do Solo":	4
-abstencións:	10

Apróbase o nome do Departamento de "Bioloxía Vexetal, Edafoloxía e Química Agrícola".

Presenta voto particular o profesor Reigosa Roger referente a ámbalas dúas votacións efectuadas neste punto: "1) Non é un tema excesivamente importante. Nembargantes, a proposta feita polas áreas de "Bioloxía Vexetal" e de "Edafoloxía e Química Agrícola" foi realizado por unanimidade das dúas áreas, e é correcta dende o punto de vista legal e dende o punto de vista científico. O mesmo é válido para o Departamento de "Matemáticas". 2) Non existe na Universidade de Vigo normativa algunha acerca dos nomes dos Departamentos, o que fai posible a heteroxeneidade no trato das distintas propostas, e, polo tanto, á inxustizas comparativas. 3) No caso do Departamento constituído polas áreas de "Bioloxía Vexetal" e de "Edafoloxía e Química Agrícola" nin sequera comunicouse argumentación de criterios explícitos polos que non se aceptase o nome proposto. 4) Non existiu comunicación oficial ós interesados nin do rexeitamento inicial nin a existencia dun prazo para a presentación de alegacións. 5) Non se inclúe documentación na Xunta de Goberno. E incluso houbo un intento de aprobación nunha xuntanza anterior, sen estar na orde do día. 6) Parece algo máis que casual que os únicos Departamentos nos que non se acepta o nome sexan os que se sinalan. 7) "Edafoloxía" é sinónimo de "Ciencia do Solo". 8) No CSIC, as unidades de investigación edafolóxicas se chaman "de ciencias do solo". Así mesmo, esta é a denominación de revistas da especialidade, e de sociedades científicas".

No **punto 12**, Materias de libre elección, o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez Peñalver Freire indica que se presentan materias de libre elección da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra que habían quedado pendentes.

A profesora Henríquez Salido pregunta que pasou coa materia de libre elección de "Lingua Española" que desapareceu e estaba proposta polo Departamento.

Contéstaselle que a proposta faina o Centro.

Apróbanse as Materias de libre elección da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra:

- Cuestións socioxurídicas da comunicación contemporánea (A675)
- Introducción ás campañas de comunicación (A675)
- Introducción ó sistema político español (A070)
- A economía como ciencia social (A415), "sen custo".

No mesmo punto, Materias optativas, o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire propón que na Facultade de Ciencias de Vigo se cre una materia optativa

por cada unha das ramas de química, "sen custo".

O Decano de Ciencias, profesor Reigosa Roger solicita que se amplíe ademais á materia de "Microbioloxía ambiental" para a titulación de "Bioloxía".

O profesor Rodríguez Berrocal informa que se a materia a dispensar é sen custo, o Departamento non se atopa en condicións de dispensala.

Apróbase que o Vicerrector de Ordenación Universitaria envíe ó Centro comunicación das materias optativas.

Apróbase delegar no Vicerrectorado de Ordenación Universitaria a xestión da implantación destas materias optativas de "química" e da materia "microbioloxía ambiental" en Bioloxía.

O Rector, no **punto 2**, contesta ás preguntas da Xunta de Goberno do 2 e 8.7.96.

-de D^a do Carme Henriques Salido:

--"respecto o expediente de D. Ramón Cao Martínez", que está en proceso de resolución;

--"sobre o ISBN nas publicacións", é o Servicio de Publicacións o que da dito número;

--"Instituto de Ciencias da Educación", que os programas do novo CAO os levará cada una das Universidades.

-de D. Horacio A. Villar Suárez:

--"o uso do Paraninfo é ó Xerente a quen se solicita e que está en estudio unha normativa";

--"en canto a política do Rectorado sobre a Mesa Sectorial que é partidario que se constituía o máis axiña xa que así figura nos Estatutos";

--"respecto ás persoas contratadas para dar información sobre o acceso á Universidade, di que estas dependen da CIUG".

No **punto 13**, Rogos e preguntas preséntanse varios.

-D. LUIS BERNAL CONDE.-

1) Se xa se estudiou a adscripción do persoal médico no campus de Lagoas-Marcosende (*O Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco, di que xa está de xeito permanente unha ambulancia da Cruz Vermella*).

2) Se é dedicación é exclusiva á Universidade (*O Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que si pero que de tódolos xeitos se existira unha emerxencia teñen a obriga de asistir*).

3) "Naquelas materias de carácter técnico, como, por exemplo, os laboratorios de segundo ciclo nas E.T.S., que non teñen como forma de avaliación un exame senón a realización dun traballo-proxecto utilizando o material dos laboratorios docentes, material custoso, específico e, por suposto, non ó alcance de tódolos alumnos), ¿como ten o equipo de goberno previsto atender, cando esas materias sexan extinguidas pola entrada dos planos novos, a demanda de avaliación daqueles alumnos matriculados nesas materias? Quixera pois, solicitarlle que se arbitren formas de libre acceso ós laboratorios ou calquera outra que permita ós alumnos aproba-las materias en situación de igualdade cos seus compañeiros doutros anos".

4) Sobre o contrato entre a Universidade e a librería Ir Indo (*O Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que ós contratos se pode acceder mediante unha solicitude ó servicio de contratación*).

-D. MANUEL PÉREZ DONSIÓN.- Tendo en conta o actual contexto de limitacións orzamentarias e a gran cantidade de necesidades que é preciso é urxente atender na Universidade

de Vigo, prérgase:

1) Que a Equipa de Goberno da Universidade a través dos seus órganos colexiados adopte as medidas que se consideren máis axeitadas tendentes a evitar a duplicación por Campus de Talleres, Laboratorios, equipos de certa entidade e custe económico e tamén de servicios, tratando de optimizar ó máximo os recursos económicos da Universidade (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que se estudiará este problema en tódolos campos da Universidade*).

2) Segundo o espírito exposto no punto anterior e na procura de rendabiliza-los talleres, laboratorios e medios existentes, prérgase á Equipa de Goberno elabore os procedementos e normativas axeitados elevándoas para a súa aprobación á Xunta de Goberno e ó Claustro para que poidan ser utilizados de forma máis ampla os medios propiedade da Universidade con independencia de onde procedese o seu financiamento/adquisición.

3) No censo indicado con anterioridade prérgase que no caso concreto do Taller Mecánico, e tendo en conta que existe un moi ben dotado na E.T.S. de Enxeñeiros Industriais e Minas, que dentro de pouco terá un local máis axeitado na Escola de Fundición, que non se duplique este no CACTI, senón que se proceda a dotar ó primeiro dun mestre de taller e se establezan as directrices e a correspondente normativa que regule a súa utilización mixta como taller de propósito xeral para tódolos traballos que se lle encomenden e como taller docente e si cabe de investigación.

4) Tendo en conta as dúbidas que persoalmente detectei nalgúns membros da comunidade universitaria e que en compartu con relación a rendabilidade do CACTI prego que despois de darlle un prazo dun ano a partires de hoxe ó CACTI, se proceda a analizar en profundidade e a tódolos niveis a súa rendabilidade e autofinanciamento. No caso de que o balance sexa negativo, prérgase se fagan as xestións e pónase o empeño e os medios que sexan necesarios para reconverter este edificio, en canto ó uso se refire, destinando o mesmo a escola/facultade ou outros de maior prioridade que precise a propia Universidade, poñendo fin dunha vez por todas a sangría que supón para a Universidade equipalo e mantelo deixando un pouco ó marxe a súa propia construción e oportunidade sobre a que habería moito que dicir.

Tamén "prego ós membros da Comunidade universitaria que fagan un esforzo para entende-lo que significa o termo "tecnolóxico", do mesmo xeito que en xeral os profesores das Escolas tecnolóxicas o facemos con relación ós termos "científico", "humanístico", etc. Lamento especialmente que algún profesor do ámbito tecnolóxico non o entenda (*o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez di que non comparte as dúbidas con respecto á rendabilidade do CACTI e considera que dito Centro está colaborando de forma decisiva ó fomento da investigación na Universidade; pide un esforzo para entende-las necesidades do ámbito das Ciencias Experimentais*).

-D. XOSÉ MANUEL CID FERNÁNDEZ.-

-Amosa a súa preocupación polo cambio de nome da Facultade de Humanidades polo de Historia.

-Pregunta:

1) Se existe algún convenio asinado con Caixa Ourense (*O Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que non*).

2) Se nas prácticas nos Institutos hai seguro de responsabilidade civil (*O Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que a póliza do seguro contempla as prácticas, pero neste caso non está seguro se habería que facer unha póliza específica*).

-D. JOSÉ ANGEL SAMPAYO FERNÁNDEZ.- Pregunta:

1) Quen lle comunica a un alumno que deixou de pertencer ó Consello de Departamento (*O*

Secretario Xeral, D. Xosé Luis Legido Soto di que a Comisión que leve as Elección a que contestará).

2) Cando se poden utiliza-las tarxetas de estudante na Biblioteca.

-D^a ANA BELÉN REBOREDO FERNÁNDEZ.- Pregunta se na convocatoria de decembro se pode matricular ademais de 3 materias nos planos novos, de 30 créditos (O *Secretario Xeral, D. Xosé Luis Legido Soto di que si*).

-D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BERROCAL.- Pregunta:

1) Pola infraestrutura docente deste ano (O *Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que estará lista a próxima semana*).

2) Pola RPT do ano 95 (O *Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que está a piques de pecha-lo concurso e que a RPT do 96 prevé que estea lista antes de nadal*).

3) Se se vai falar cos Centros e os Departamentos para a nova RPT (O *Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que xa se fixo esa indicación*).

-D^a M^a LUISA ALONSO ESCONTRELA.- Pregunta sobre a dependencia dos programas de secundaria coa Universidade (O *Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que hai que asinar un convenio entre as tres Universidades*).

-D. EDUARDO RUBIALES CAMINO.- Rogo que se diga a CIUG que se lle poña o nome correcto á Titulación de Enxeñería Técnica Forestal (o *Vicerrectorado de Ordenación Universitaria fará esta notificación á CIUG*).

-D. MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER.- Fai os seguintes rogos e preguntas:

1) Pregunta que iniciativas vai toma-lo Equipo Rectoral ante a escaseza de financiamento que se anuncia para o futuro próximo.

2) ¿Vaise debater no Claustro as modificacións que fixo o Consello de Universidades sobre planos de estudio? Rogo que se debata.

3) Rogo que se faga constar na acta que non é correcta a redacción da acta da sesión de 29 de xullo de 1996, sobre a miña intervención acerca do plano de estudos de química: "*O Decano da Facultade de Ciencias de Vigo, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger propón que se retire o punto da orde do día, se acepte como punto de referencia a proposta de plano aprobada pola Xunta de titulación e pola Xunta de Facultade e, en todo caso, se abra un novo período de emendas si é que se considera que a aprobación dunha emenda á totalidade o fai necesario*".

-D. HORACIO A. VILLAR SUÁREZ.-

1) Se o Rector pensa en algún momento constituí-lo Tribunal de Garantías (O *Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que se levará a tódalas sesións ordinarias do Claustro Universitario ata que estea constituído*).

2) Se se pode facer público o informe realizado sobre a Universidade, por un equipo de investigación (O *Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que estase rematando e revisando e se fará público*).

3) Pregunta pola oferta de emprego e os planos de formación, así como polo médico de empresa (O *Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que é un tema que ten que saír adiante*).

4) O día da apertura do curso saú unha nota necrolóxica para a celebración dunha misa polos mortos da Universidade de Vigo; protesta porque vulnera os Estatutos xa que hai liberdade de

culto (*O Rector D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que en calquera caso respecta a súa protesta*).

5) Canto custou o expositor posto en Expo-Ourense e que foi exposto nel (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que ese expositor servirá para calquera exposición que se faga*).

6) Como van os locais das Seccións Sindicais (*O Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza di que se farano máis axiña*).

7) Se é correcto que na Universidade de Vigo haxa 1100 investigadores (*O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez di que o número de profesores da Universidade e que todo profesor da Universidade ten labores docentes e investigadoras*).

-D. ALBERTO ALONSO COSTAS.- Pregunta polo plano de reforestación (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que se está a traballar no tema e que na limpeza que se fixo no campus respectáronse as árbores pequenos existentes*).

-D. JUAN JANEIRO VILABOA.- Pregunta se se vai lavar adiante a idea dunha ampliación de matrícula en febreiro (*O Secretario Xeral, D. Xosé Luis Legido Soto di que é un tema que estase a estudar aínda que presenta dificultades técnicas*).

-D. MARIANO PÉREZ-MARTÍNEZ Y PÉREZ-AMOR.- En Xuntas de Goberno anteriores fixen a proposta de celebración das súas sesións en algún lugar do Campus de Lagoas-Marcosende, por ser máis cómodo para a maioría dos seus membros, en tódolos sentidos. En resposta a este rogo contestouseme que, se ben eran verdade os meus argumentos, habería problemas en canto ó manexo de información, información que estaba a mano no rectorado, etc. Despois desta sesión da Xunta de Goberno en Ourense, reitero ó anterior rogo, dado que, obviamente, xa no existen eses problemas de manexo de información".

-D^a M^a DO CARMO HENRÍQUEZ SALIDO.- Fai as seguintes suxestións e preguntas:

- 1) Que se teña ó máximo respecto a Universidade de Vigo e ó Rector.
- 2) Solicita envíen ó Departamento a resolución sobre Ramón Cao Martínez.
- 3) En que medida se pode conseguir que as secretarías dos departamentos cobren máis.
- 4) Cando está prevista a saída do plano de pensións.
- 5) Se hai posibilidade de pedir préstamos hipotecarios.

-D^a MILAGROS CAVADA NIETO.-

- 1) Se unha bolsa de da Xunta que da docencia noutro centro pode elixir a que Xunta de Facultade forma parte.
- 2) Cando chegan os cartos de investigación (*O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez di que está a piques de ser enviado*).
- 3) Pide o cambio de nivel dos auxiliares administrativos de Departamento.
- 4) Roga que se teñan en conta as dificultades dos membros de Ourense para asistir ás Xuntas de Goberno en Vigo, sobre todo no seu retorno, debido á néboa.
- 5) Roga que se teña en conta que no tema da Facultade de Historia existen membros do departamento que se pronunciaron por este nome.
- 6) Felicita á profesora Henríquez Salido pola claridade de ideas que ten sobre o que debe se-la Universidade de Vigo, polo seu concepto de Universidade

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 21.30 h. do día 17 de outubro

de 1996, da que eu como Secretario dou fe, co vº e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez

Xosé Luís Legido Soto